

## REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/04/2022 8:38:14

SAIDA **5669/22**

D. Miguel Ángel Delgado González en  
representación da Plataforma en  
defensa del sector marítimo  
pesquero de Galicia  
(PLADESEMAPESGA)  
prensa@xornalgalicia.com

### Expediente **RSCTG 73/22**

Estimado Sr.:

Acuso a recepción do seu escrito que tivo entrada nesta institución o día 11 de abril de 2022, de reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia contra a Resolución do 8 de abril de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso aos pagamentos, subvencións, créditos avalados, adxudicacións e calquera outro tipo de pagamentos xustificados de fondos autonómicos, nacionais, da Unión Europea, FEDER, NextGeneration ou fondos canalizados a través da Xunta de Galicia, das consellerías da Xunta de Galicia e entes adscritos, que deu lugar ao expediente **RSCTG 73/22**, ao que lle prego faga sempre referencia nos posteriores escritos que dirixa sobre este asunto, sendo o Secretario da Comisión da Transparencia, Santiago González Serrano, a quen se poderá dirixir para coñecer a situación e a valoración do seu expediente.

A fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei 19/2013<sup>1</sup>, poño á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a documentación, que se lle requira como a que considere necesaria para a tramitación do expediente ([reclamacions@comisiondatransparencia.gal](mailto:reclamacions@comisiondatransparencia.gal))

No caso de que o solicitara, remitiráselle unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.

Con esta mesma data solicitarase á correspondente Administración a remisión de copia do expediente administrativo e emisión de informe sobre a reclamación presentada.

Indícolle que de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, no caso de que exista unha normativa reguladora específica de acceso á información, será

---

<sup>1</sup> Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

esta a que deba aplicarse a aqueles que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso para a obtención dos documentos que se integren no mesmo, polo que no caso de que a administración indique a existencia dun procedemento administrativo específico procederase á inadmisión da reclamación presentada.

En relación á instrución do seu expediente indícolle que corresponde á Presidencia da comisión designar a persoa que elabora a proposta de resolución e elevar as propostas de resolución á Comisión. Igualmente, indícolle que a preparación do despacho dos asuntos e a dirección dos traballos administrativos da Comisión son funcións da Secretaría da Comisión<sup>2</sup>.

Por último, indícolle que a resolución destes expedientes faise por estrita orde de entrada, e poderá vostede seguir as resolucións desta comisión no seguinte enderezo: [https://www.comisiondatransparencia.gal/buscador\\_resoluciones/](https://www.comisiondatransparencia.gal/buscador_resoluciones/)

Un atento saúdo,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2022.04.18 08:09:17 +02'00'

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Galiño  
Presidenta da Comisión da Transparencia

---

<sup>2</sup> Regulamento interno da Comisión da Transparencia de Galicia publicado nos DOG nº 134, do 15 de xullo de 2016 e DOG nº 234, do 9 de decembro de 2016.

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

**Responsable do tratamento:** Comisión de Transparencia de Galicia. **Encargado do tratamento:** Secretario da Comisión da Transparencia. **Finalidades do tratamento:** Rexistro e xestión de procedementos de reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia. **Base xurídica:** Cumprimento dunha obriga legal. **Período de conservación dos datos:** Indefinido. **Cesións de datos:** Aos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 1/2016, cando sexa necesario para a tramitación e resolución da reclamación. **Exercicio de dereitos:** As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través do Rexistro do Valedor do Pobo (Rúa Hórreo 65, 15701, Santiago de Compostela) ou do correo electrónico [transparencia@valedordopobo.gal](mailto:transparencia@valedordopobo.gal). **Delegado de protección de datos:** [santiago@valedordopobo.gal](mailto:santiago@valedordopobo.gal)